



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 3 DE MAIO DE 2017.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de maio de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia verbalmente o concelleiro D. Jaime Eduardo de Olano Vela. Non asiste a esta sesión a interventora municipal nin o interventor por delegación.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o grupo do P.S.O.E. tamén renuncia ás dietas correspondentes ao pleno anterior celebrado no día de hoxe.

1ª PARTE: PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 7 DE ABRIL DE 2017.



Intervén D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que se detectou un erro na páxina 5, onde di “armonía”, debe dicir “agonía”.

Non existindo máis obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 07/04/2017.

2ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- MOCIÓN, INSTADA POLA PROMOTORA ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS SEPARADOS GALICIA, PARA A ADOPCIÓN DUN ACORDO MUNICIPAL DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR NO PARLAMENTO GALEGO A FAVOR DA “CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DAS RELACIÓNS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA”.

Vista a moción presentada pola Alcaldía, instada pola promotora Asociación de pais e nais separados Galicia, para a adopción dun acordo municipal de apoio á iniciativa lexislativa popular no parlamento galego a favor da “corresponsabilidade parrental e das relacións familiares no cese da convivencia”, na que se fai referencia á problemática sufrida polos nenos e nenas nos procesos de separación dos seus pais, non estando garantido nestas rupturas os dereitos dos nenos e nenas de continuar relacionándose dun xeito real cos seus pais e nais dunha forma igualitaria e efectiva, entendendo que debe estar garantida a corresponsabilidade parental. Ante esta cuestión plantexan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“Primeiro: Apoiar o traballo a realizar no Parlamento Galego para que, a través da Proposición de Lei presentada por esta Iniciativa Lexislativa Popular e da súa tramitación, coa achega dos distintos grupos políticos, se lexisle a favor da Corresponsabilidade Parental tras o cese da convivencia, como o mellor e maior garante do interese superior de nenas e nenos.

Segundo: Comunicar ao Goberno Galego, á Xunta de Galicia, o acordo favorable tomado por esta corporación.

Terceiro: Defender e apoiar este acordo en calquera outra institución na que se participe.

Cuarto: Dende o ámbito de responsabilidade municipal, esta corporación comprometerase a transmitir os valores de igualdade e de corresponsabilidade parenteral a todos os seus órganos e moi especialmente na área de familia, igualdade e na de servizos sociais.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que vai ler a exposición de motivos, indicando que esta asociación se dirixiu ao equipo de goberno para instar que se trouxese esta moción ó pleno, e procede á lectura da moción. Unha vez dada lectura á moción sinala que cando unha parella decide non continuar coa súa vida en común o problema surxe cando



hai nenos, que son os que sofren esta separación. Engade que o seu grupo vai apoiar esta moción, consideran que cada caso é individual e cada neno debe contar co exame do seu caso particular, pero que debe estarse a favor da corresponsabilidade parental, a custodia compartida, crendo que tanto o pai como a nai deben ter a custodia compartida dos fillos, que a veces se ven no medio dunha tormenta.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que o seu grupo está totalmente de acordo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está totalmente de acordo.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que está totalmente de acordo.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos puntos da moción, do seguinte xeito:

Primeiro: Apoiar o traballo a realizar no Parlamento Galego para que, a través da Proposición de Lei presentada por esta Iniciativa Lexislativa Popular e da súa tramitación, coa achega dos distintos grupos políticos, se legisle a favor da Corresponsabilidade Parental tras o cese da convivencia, como o mellor e maior garante do interese superior de nenas e nenos.

Segundo: Comunicar ao Goberno Galego, á Xunta de Galicia, o acordo favorable tomado por esta corporación.

Terceiro: Defender e apoiar este acordo en calquera outra institución na que se participe.

Cuarto: Dende o ámbito de responsabilidade municipal, esta corporación comprometerase a transmitir os valores de igualdade e de corresponsabilidade parental a todos os seus órganos e moi especialmente na área de familia, igualdade e na de servizos sociais.

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA IMPULSAR ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN DO ENVELLECIMENTO ACTIVO CON CARGO Á SUBVENCIÓN DO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. para impulsar actividades para a promoción do envellecemento activo con cargo á subvención do plan único da Deputación. Na exposición de motivos da moción faise referencia a que lle corresponden ao concello de Viveiro 500.000 euros e aos criterios que se tiveron en conta pola Deputación Provincial de Lugo para o reparto das cuantías, entre os que se atopa o índice de envellecemento (en Viveiro un 24,25% da poboación é maior de 64 anos), así como que o Concello conta



cunha concellería de Servizos Sociais, cun equipo multidisciplinar. Ante esta cuestión plantexan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

PRIMERO.- Que se destine parte de los 8.000 euros dedicados para actividades culturales al colectivo de mayores del municipio que supone el 24,25% de la población.

SEGUNDO.- Que dicho importe se destine a la realización de actividades dedicada a este colectivo dentro de los SS.SS municipales para el Envejecimiento Activo.

TERCERO.- Programación de actividades para la celebración del DÍA INTERNACIONAL DE LAS PERSONAS MAYORES (1 de OCTUBRE 2017), el cual tiene por objeto reconocer la contribución de los adultos mayores al desarrollo humano y económico, así como resaltar las oportunidades y los retos asociados al envejecimiento demográfico mundial”.

Intervén a Sra. Alcadesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P., representante da moción ao presente pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D^a. Cristina Goás Fernández, que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que a solicitude do Plan Único xa está enviada. Na parte correspondente a actividades culturais (8.000€) meteuse o mercado renacentista, posto que xa estes anos a Deputación concedía unha subvención para este fin, que agora non se concederá aparte do Plan Único. Engade que tanto o seu goberno como os anteriores presididos por Melchor Roel se preocuparon polos maiores, se rehabilitaron centros sociais, realizáronse actividades, etc. Apunta que ademáis a oficina de servizos sociais colabora nas necesidades dos maiores, entendendo que o seu día son todos os días do ano, organízanse vacacións do imerso, financiándolles autobús ao aeroporto, servizo de axuda a domicilio, xantar na casa, asesoramento para balnearios, teleasistencia, taller de alzheimer, etc. Puntualiza que respecto ao SAF podía subírselle a taxa aos usuarios, ou asumir o concello os 75.000€ que custaría a maiores seguir mantendo o servizo como está, o que agora se vai a facer con cargo ao Plan Único da Deputación. Sinala que está ben celebrar ese día, que se pode ter en conta, pero considera que hai que priorizar necesidades, e que a maior parte do orzamento xa vai para servizos sociais, engadindo que a moción neste momento non ten sentido posto que xa rematou o prazo do Plan Único.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que se trata dunha moción que xa non ten sentido, engadindo que se vai abster. Sinala que é a primeira vez que se fai un Plan Único na Deputación, ao longo da súa historia, manifestando o seu desexo de que a oposición puidese ser partícipe de a donde se destinan eses 500.000€, ven realizando unha comisión ou doutro xeito.



Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que para o Plan Único non se fixo unha comisión porque se incluiu o que demandan os veciños e os partidos públicamente. Apunta que se incluiu Rego da Fonte, sobre o que todos coñecen as súas carencias, así como obras en Lodeiro, incluíndo polo tanto obras que demandan os veciños e que son moi necesarias.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que a moción neste momento non ten lugar, polo que se absterá. Engade que dentro das actividades culturais e de ocio debería irse na liña da realización de actividades dirixidas aos máis novos, vendo que nese ámbito se está máis perdido que nas dirixidas a maiores.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D^a. Cristina Goás Fernández para dicir que está de acordo en que se realiza traballo asistencial, pero que tamén se pode adicar aos maiores un día ao ano. Sinala que nas últimas viaxes vai menos xente e xa os leva protección civil. Apunta que pon de manifesto que no Plan Único se prevén 8000€ para actividades culturais e que ela non vai dicir canto se debería adicar a esta proposta, pero entende que debería destinarse parte desa cantía. Respecto ás actividades xuvenís sinala que saíron subvencións para iso, que o prazo está aberto, e non sabe se se pedirá algo. Recalca que ela entende que non debe ser só servizo asistencial, que hai que previr, e que entende que a celebración do día do maior é unha forma de recoñecemento, indicando que mantén a súa moción.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, quedando rexeitada a moción, do seguinte xeito, con 8 votos en contra, correspondentes ao grupo do P.S.O.E., 4 abstencións correspondentes ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e aos tres concelleiros non adscritos, e 4 votos a favor correspondentes ao grupo do P.P.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. para construción dunha área para autocaravanas, na que se sinala que o perfil turista que viaxa en autocaravana está en auge, existindo por toda Galicia concellos que ofertan este servizo, como Ourelo, Foz e a Pontenova. Consideran que hai lugares idóneos para ubicar esta instalación, como Lavandeiras, aínda que sinalan que deberían ser os técnicos municipais os que determinasen e valorasen a idoneidade desta zona ou de outras zonas alternativas. Consideran que sería un punto máis a favor para un concello turístico como Viveiro. Ante esta cuestión plantexan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

1. *A creación dunha área para autocaravanas.*



2. *Que o equipo de goberno, despois de recabar os informes técnicos pertinentes que determinen cal podería ser a ubicación máis axeitada, sinala o lugar máis apropiado para a súa construción.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P., presentante da moción ao presente pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concello ten un servizo público, como é o camping, aínda que son conscientes de que non hai un sitio libre para este fin, polo que van votar a favor. Engade que non se fixo antes porque non hai tantos sitios idóneos como parece, polo que hai que buscar un.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que o que non hai é un área de autocaravanas gratuita, manifesta que está a favor e engade que hai terreos municipais onde ubicala e que a efectos turísticos pode ser un aliciente máis.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que está de acordo en toda a exposición de motivos, engadindo que entende que non debe realizarse unha inversión grande, e en base a isto manifesta que vai absterse, xa que entende que hai que mirar primeiro por outras necesidades dos cidadáns de Viveiro antes que mirar para os visitantes, aínda que él di ser usuario de autocaravanas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que máis do 50% dos postos de traballo en Viveiro pertencen ao sector servizos, polo que é importante o turismo.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que se hipotecan moitos recursos só para un sector, o sector servizos, cando o sector primario tamén xeraría postos de traballo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que en moitas ocasións son competencias que non son municipais.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que é consciente da dificultade de elixir un lugar, motivo polo cal propón que o lugar sexa determinado polos técnicos, e son inversións sinxelas que atraen visitantes.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose a aprobación da moción presentada, con 15 votos a favor, correspondentes aos concelleiros dos grupos do P.S.O.E., P.P. e aos tres concelleiros non adscritos, e 1 abstención correspondente ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, adoptando os seguintes acordos:



Primeiro.- A creación dunha área para autocaravanas.

Segundo.- Que o equipo de goberno, despois de recabar os informes técnicos pertinentes que determinen cal podería ser a ubicación máis axeitada, sinale o lugar máis apropiado para a súa construción.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE SANEAMENTO PLURIANUAL PARA DOTAR DESTE SERVIZO A TODAS AS PARROQUIAS.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. para a elaboración dun plan de saneamento plurianual para dotar deste servizo a todas as parroquias que carecen do mesmo, na que se sinala que o grupo municipal do P.P. ten levado ao pleno en numerosas ocasións rogos e preguntas sobre a falta de saneamento ou alcantarillado en parroquias como San Pedro, Chavín, San Andrés, Valcarría, así como en barrios das parroquias de Covas, Galdo, Vieiro e Celeiro. Son conscientes de que nos últimos anos se fixeron inversións para dotar de saneamento ás parroquias, aínda que é moito o que queda por facer nas zonas rurais, que se ven privadas dun servizo tan básico. Ante esta cuestión plantexan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“1.- Instar ó equipo de goberno local xunto cos técnicos municipais, a que nun corto espacio de tempo, elaboren un plan de saneamento plurianual para dar servizo a todas as parroquias e barrios do noso Concello que a día de hoxe non dispoñen deste servizo básico.

2.- Instar á Alcaldesa para que unha vez elaborado este Plan, realice todas as xestións necesarias ante outras administracións para acadar a colaboración económica que permita impulsar este Plan”.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P., representante da moción ao presente pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Celestino García Paz, que sinala que se trae a este pleno o tema do saneamento rural xa que nos últimos tempos, xa na anterior lexislatura se trouxeron rogos e preguntas ao respecto e non se tivo unha satisfacción clara, e procede á lectura da moción. Tras a lectura da moción presentada sinala que no pleno do 28 de setembro de 2016, o grupo do P.P. trouxo ó pleno o asunto do saneamento na Feira, en Galdo. Sinala que a xente dese barrio recolleu sinaturas para o saneamento, motivado na posta en funcionamento do pozo do Pontigo. Sinala que naquel momento a Alcaldesa decía que os veciños manifestaran que había sinaturas e que se faría cando fose posible a cambio de que os veciños se desen de alta posteriormente no servizo. Apunta nese sentido que ten sinaturas tamén de tres barrios de Covas, que na semana que ven presentará por rexistro. Sinala que no barrio de



Sacido carecen deste servizo e piden que se dote do mesmo comprometéndose a entroncar, tamén na zona da Carreira e na Porta Leira nas Pallaregas. Tras estas manifestacións procede á lectura dos acordos que se propoñen na moción.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do grupo municipal do P.S.O.E., para dicir que, tal e como reconece o representante do grupo do P.P., este concello vén realizando nos últimos anos diversas inversións co fin de dotar a todas as parroquias de saneamento. Entende que o que se pide nesta moción é, precisamente, o que se ven facendo dende os últimos anos. Manifesta que o equipo de goberno é plenamente consciente das necesidades existentes nas distintas parroquias e en cada anualidade se inclúen algunhas destas obras, grazas, en gran medida, ás achegas da Deputación Provincial de Lugo. Non consideran prioritario a redacción dun Plan de Saneamento Plurianual, pois son conscientes dos lugares que carecen deste servizo e estanse executando, na medida do posible, as obras necesarias para solventar a situación. Engade que se pretende, pouco a pouco, completar o saneamento nas parroquias ou zonas municipais onde éste xa está iniciado, como é o caso de Galdo (di que a obra que citaba o P.P. está previsto facela en curto prazo, que o pozo xa está funcionando tras tantas peticións do P.P. e só houbo dúas altas), Landrove ou Faro, nas que xa se realizaron algunhas actuacións; deixando, para o final, as parroquias que, pola súa dispersión xeográfica ou pola propia orografía do terreo, implican unha inversión moito máis costosa, como pode ser o caso de San Pedro, Valcarría ou Boimente. Nalgunha zona das Pallaregas pode quedar algo pero existe en case todas, e noutras zonas hai que reparalo, como en Magazos, que se está reparando. Engade que o equipo de goberno, a pesar das circunstancias actuais, con moi pouco, está facendo moito; todos os anos se realizan intervencións para mellorar o saneamento municipal. Se ata o de agora se fixo sen contar co Plan de Saneamento Plurianual que propón o grupo do P.P., consideran que a súa redacción non é, polo tanto, imprescindible nin primordial, polo que apunta que se absterán na votación.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que, por ser coherentes co seu programa electoral do 2015 vai votar a favor. Entende que non pasa nada por elaborar este plan, xa que se todos son coñecedores das inversións necesarias, escribir estes datos serve como guía para que todas as parroquias teñan saneamento, considerando que se debe facer un estudio previo para coñecer en que zonas hai demanda.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que suscribe o dito por D. Bernardo Fraga, entendendo que hai que facer chegar este servizo a todas as parroquias, preguntándose se será posible que a empresa Viaqua poda realizar unha revisión sobre os contratos existentes.

Intervén D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que non se trata de criticar aos anteriores gobernos respecto ás obras de saneamento. Fai referencia ao acordo sobre a prolongación do contrato de Viaqua, no que se acordou que se fixeran obras de saneamento, e se aprobou coa abstención do P.P.,



resultando unha inxección económica importante. Sinala que nas Pallaregas se acometeu toda a zona e quedan case aisladas unhas 10 vivendas (e se para chegar a elas hai que poñer un pozo de bombeo haberá que facelo). Engade que nomeou polo menos catro parroquias nas que falta, o que resulta inconcebible, tal e como ocorre na parroquia de San Pedro, cun hotel de catro estrelas e pozo negro. Entende que este problema debe solventarse, por iso plantexa un Plan. Sinala que o seu grupo conta con memorias realizadas por técnicos para coñecer o custo estimado destas acometidas, e por exemplo para San Pedro ronda os 380.000 euros. Recalca que o saneamento é un servizo básico.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ese ímpetu que pon no pleno o concelleiro do P.P. espera que o poña tamén ante a Xunta de Galicia, indicándolle que por exemplo para que Augas de Galicia permita canalizar o regato en “Rego dos Foles” tardaron anos. Sinala que a Xunta faise eco de inversións en Viveiro e falan de doce millóns, pero a Deputación desglosa o que realmente lles dá aos Concellos, e non suma como fai a Xunta o que dá a todos os sectores do municipio.

Neste intre abandona a sesión o concelleiro D. Jesús Fernández Cal.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do grupo municipal do P.S.O.E., para dicir que o Concello de Viveiro non discrimina a ningún, facendo fincapé en que todo o mundo é coñecedor do mal estado da rede de abastecemento, que está rompendo por moitas zonas. Sinala que a poboación aumentou e no verán veñen visitantes, que utilizan por tanto a rede de auga e saneamento, que ao ser tan antiga non aguanta, polo que hai que sanear tramos, e isto tamén ven herdado de inversións que non se fixeron antes, co que hai que ir pouco a pouco.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, aocrdándose a aprobación da moción presentada, con 8 votos a favor, correspondentes aos concelleiros do grupo do P.P., ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e aos tres concelleiros non adscritos, e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do grupo do P.S.O.E., adoptándose os seguintes acordos:

1.- Instar ó equipo de goberno local xunto cos técnicos municipais, a que nun corto espacio de tempo, elaboren un plan de saneamento plurianual para dar servizo a todas as parroquias e barrios do noso Concello que a día de hoxe non dispoñen deste servizo básico.

2.- Instar á Alcaldesa para que unha vez elaborado este Plan, realice todas as xestións necesarias ante outras administracións para acadar a colaboración económica que permita impulsar este Plan..



5.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, SOBRE O RESPECTO Á ACONFESIONALIDADE PROMULGADA POLA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.

Vista a moción de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, sobre o respecto á aconfesionalidade promulgada pola Constitución Española, na que se sinala que a CE promulga o carácter aconfesional do Estado, e polo tanto dos concellos. Indícase que a participación dun cargo público en actos relixiosos supón unha vulneración deste principio e contravén o principio de igualdade e respecto a todas as crenzas ó favorecer e promover o privilexio dunha delas. Engade que as Administracións Públicas, entre elas os Concellos non deben identificarse con crenza relixiosa algunha, e ningunha delas debe imporse a través do poder político, debendo defenderse sen ambigüidades a aconfesionalidade das Administracións Públicas. Ante esta cuestión plantexa ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

1. *O Concello de Viveiro comprométese co carácter aconfesional do Estado e das Administracións Públicas.*
2. *Sumprirase todo tipo de simboloxía relixiosa nos actos oficiais e nos espazos de titularidade pública que dependan das administracións.*
3. *Os actos públicos no Concello de Viveiro serán exclusivamente civís e sen connotacións relixiosas. Ningunha autoridade pública participará, en calidade de tal, en actos de natureza relixiosa. Os membros da corporación local non amosarán, no exercicio do seu cargo ou das súas funcións, ningún xesto de submisión ou veneración de persoas ou imaxes relixiosas.*
4. *Non serán convidados a actos civís ou considerados de autoridade pública, representantes eclesiásticos de calquera confesión.*
5. *A Alcaldía deixará de cursar invitacións de asistencia de cargos institucionais a actos relixiosos, tal e como ocorre na actualidade, onde chegan a imporñerse normas protocolarias respecto á vestimenta e discriminatorias en función do sexo”.*

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle ao palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, presentante da moción ao presente pleno.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que sinala que esta moción foi rexistrada o 30 de marzo para levala ao pleno de abril antes da celebración da Semana Santa, e procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se esta moción se presentaba para os actos da Semana Santa, con todos os respetos considéraa unha demagogia. Entende que un Estado aconfesional non se declina por ningunha relixión, e que aconfesionalidade non é o mesmo que laicismo. Sinala que polo Concello non se publicita ningún tipo de relixión pero sí se colabora, o Concello colabora coa Xunta de Cofradías, que preparan un evento, que é relixioso, pero tamén cultural e artístico. Manifesta que lle resulta curioso que agora Son Viveiro inste a Constitución Española cando hai un ano presentaba unha moción pedindo que se colocase unha bandeira da república no edificio



do Concello, cando tamén a Constitución recolle que o Estado español é monárquico, polo que parece que se vai á Constitución cando convén. Engade que á Alcaldía a convoca a Xunta de Cofradías e vai como alcaldesa, que tamén foi a actos evanxelistas, e que todos son veciños.

Neste intre incorpórase á sesión o concelleiro D. Jesús Fernández Cal.

Continúa a Sra. Alcaldesa preguntándose onde está a liberdade, xa que a estes actos vai quen quere, non imponéndose nada. Entende que son actos bos para Viveiro, e que esta Semana Santa foi unha das mellores, e moita xente colabora coa Semana Santa independentemente das súas crenzas. Apunta tamén o que considera unha incoherencia de Son Viveiro, xa que foi o único partido que se reuniu coa Xunta de Cofradías en campaña electoral. Entende que é unha falta de respecto e de mal gusto dicir que a alcaldesa impón unha vestimenta, cando se trata dun aspecto protocolario.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que pide a palabra por alusións e se lle concede pola Sra. Alcaldesa, para dicir que o feito de intentar levar a moción antes da Semana Santa era a modo de recordatorio. Sinala que non se ataca o traballo desta xente, e di que él como persoa individual non acudiu porque non se sente identificado con todo iso. Resalta que a Sra. Alcaldesa o invitaba a acudir un día e unha hora cunha vestimenta concreta, e que previamente a esa data se falara coloquialmente de que non se fixesen esas invitacións. Engade que non se trata de impedir que cada un acuda aos actos que considere pero considera fóra de lugar acudir como representante dun concello. Non considera igual a colocación dunha bandeira con que haxa símbolos relixiosos en lugares públicos. Valora positivamente que repercuta satisfactoriamente a Semana Santa, pero entende que como personaxes públicos creen que non se debería asistir.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que cada un é libre de decidir se vai ou non, e manifesta que él se é invitado a un acto por calquer outra relixión tamén iría. Sinala que a Semana Santa sobrepasa o ámbito estritamente relixioso, cun ámbito cultural, que tal e como decía Melchor Roel supón un sinal de identidade. Entende que o traballo da Xunta de Cofradías realza e pon en valor Viveiro. Sinala que o seu grupo sempre que recibe unha invitación deciden libremente se van ou non, e na Semana Santa nunca lle pediron para acudir o carnet de devoto. Como cargo público intenta acudir a todas as actividades ás que se lle invita, a menos que atentasen contra os seus valores. Engade que senten un profundo respecto pola Semana Santa, non só polo plano relixioso que supón, senón tamén polo traballo que hai detrás, e por contar cun acto catalogado internacionalmente.



Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que nunha parte da exposición de motivos están de acordo pero noutra non. Considera que o Estado Español debe ser aconfesional, sinalando que non sabe se queda algunha simboloxía relixiosa aínda nos locais públicos, e se a hai entende que non debería ser así. Considera que debe respetarse a liberdade individual, e que os concelleiros teñen a liberdade de participar nos actos que consideren, e a Semana Santa é un dos eventos máis importantes de Viveiro, entendendo que prohibir acudir á Semana Santa sería como prohibir participar no Resurrection Fest, non considerándoo lóxico. Tamén manifesta que nestes momentos a separación coa igrexa é absoluta e non se discute, o que non impide que nalgún acto determinado ou histórico poda resultar razoable invitar a unha autoridade eclesiástica. Entende que para a Semana Santa quizá debería ser a Xunta de Cofradías quen realizase as invitacións, xa que quen organiza é a Xunta de Cofradías.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concello tradicionalmente sempre veu remitindo invitacións para estes actos. Engade que para os actos do venres santo, porque o indican así, ponse na invitación que se vaia de negro, porque se trata dun aspecto protocolario, e se non se vai de negro tampouco pasaría nada. As invitacións xa se mandan automaticamente dende o servizo de cultura. Na Semana Santa a maioría das familias de Viveiro teñen algún membro participando, e aos veciños gústalles a colaboración, que os seus representantes esteñan ahí. Engade que tamén se colabora co Resu, e tamén ahi moita xente á que non lle gusta ese tipo de música, e tamén son actos bos para o Concello. Manifesta que cando Melchor Roel saíu elixido alcalde moita xente levouse as mans á cabeza pensando que ía acabar coa Semana Santa, e non houbo ninguén máis respetuoso con ela, independentemente das crenzas de cada un na súa vida privada.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que, aparte da tremenda promoción que se está facendo no pleno da Semana Santa, sinala que él non se mete na paixón e ímpetu desa xente, senón que do que se trata é da aconfesionalidade que entende que ten que ter unha institución pública. Di que entre os seus compañeiros tamén hai xente implicada na Semana Santa, e recalca que non teñen nada en contra da mesma, pero entenden que o Concello debe deixar de ser monaguillo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se falou da Semana Santa porque o proponente da moción, ao comezar a súa lectura sinalou que se presentara para tratala antes da celebración da Semana Santa.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para recalcar que non se trata dunha moción en contra da Semana Santa.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que os actos relixiosos que se celebran en Viveiro, de máis relevancia, é a Semana Santa.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose rexeitar a moción presentada, con 12 votos en contra, correspondentes aos concelleiros dos grupos do P.S.O.E. e P.P., 3 abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos e 1 voto a favor correspondente ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto.

6.- MOCIÓN DOS CONCELLEIROS NON ADSCRITOS PARA A RECUPERACIÓN DA ESCALINATA TRADICIONAL DE ACCESO Á IGREXA DE SAN FRANCISCO.

Vista a moción presentada polos tres concelleiros non adscritos, para a recuperación da escalinata tradicional de acceso á Igrexa de San Francisco, na que se sinala que o conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco está declarado pola Xunta de Galicia como Monumento histórico-artístico, conforme ao Decreto 2507/1975, detallando o aspecto que presentaba a escalinata de acceso a principios do século XX e o que presenta na actualidade. Maníéstase que a día de hoxe a escalinata presenta unha barandilla de acceso realizada en pedra dunhas dimensións considerables, que se construíu nos anos noventa coa finalidade de protexer o acceso da constante circulación de vehículos pola Avda. de Cervantes. A conversión desta rúa en semipeonil, a limitación de velocidade e de circulación de vehículos nun único sentido, permite a recuperación da escalinata de acceso tradicional, eliminando unha barreira visual e arquitectónica que non realiza ningunha función, estando garantida a accesibilidade pla parte posterior, igual que na actualidade. Ante esta cuestión plantexa ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

1. *Realización por parte dos técnicos do Concello de Viveiro, un proxecto de recuperación da escalinata tradicional de acceso á Igrexa de San Francisco de Viveiro.*
2. *Solicitar á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia a autorización para a execución das obras.*
3. *Prever nos orzamentos do ano 2017 unha partida económica, a definir no correspondente proxecto, para a realización das obras”.*

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle ao palabra aos concelleiros non adscritos, presentantes da moción ao presente pleno.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, que procede á lectura da moción. Manifesta que co realce que entende que se debe dar ao patrimonio histórico-artístico, entende que agora que a Avda. de Cervantes é semipeonil se pode realizar a obra proposta na moción.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que considera que pode ser unha boa proposta, engadindo que a escalinata refíxose hai 6 ou 7 anos e valorouse entón recuperala, o que non era viable naquel momento porque as condicións da rúa non o permitían. Agora considera que o Concello ten outras necesidades que debe priorizar, considera que pode que sexa unha boa proposta pero non para realizar agora.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que o seu grupo non dubida de que quedaría bonito voltar ao estado anterior, realizando o patrimonio. Entende que sería bo se non fose porque o Concello ten unha situación económica delicada e outras cousas pendentes. Considera que en canto a situación económica o permita sería unha boa actuación, pero agora as cuestións estéticas entende que pouco o nada van aportar, e que sería outra cousa se se plantexase cando se remodelou a Avda de Cervantes e se tivese financiación para todo, agora non considera que sexa o momento.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que ao igual que consideraba na moción das autocaravanas, entende que hai outras actuacións máis prioritarias.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para sinalar que propón que se realice o proxecto e que se pida o permiso a patrimonio. Engade que o custo da obra ascende a unha cuantía pequena e propón entón que se busque financiación e non se asuma con cargo aos orzamentos municipais. Así propón a modificación do terceiro punto, que se busque financiación para realizar a obra se faga se se consegue financiación para a mesma.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que esa non é a solución, xa que se nos dan para iso quítannos doutro lado.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que hai subvencións para protección do patrimonio histórico-artístico.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu grupo votará en contra.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que o seu grupo tamén votará en contra.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose rexeitar a moción presentada, con 13 votos en contra, correspondentes aos concelleiros dos grupos do P.S.O.E. e P.P e ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, e 3 votos a favor correspondentes aos concelleiros non adscritos.



3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

ASUNTO INCLUÍDO POR URXENCIA.

Por parte da Sra. Alcaldesa propónse a inclusión por razóns de urxencia do expte referente á proposta de sinatura de convenio para que a proba de acceso á universidade para os alumnos de Bacharelato dos centros que se relacionan no anexo remitido coa proposta de convenio pola CIUG se celebre no termo municipal de Viveiro.

Por unanimidade de todos os concelleiros presentes acórdase a ratificación da urxencia da inclusión do asunto proposto pola Alcaldía, tendo en conta que o convenio debe estar asinado antes do 30 de maio.

EXPTE 2832/2017.- CONVENIO CIUG PROBAS ACCESO UNIVERSIDADE 2017.

Vista a proposta de Alcaldía para a sinatura do convenio coa CIUG para a celebración da proba de acceso á universidade no termo municipal de Viveiro, segundo os datos reflectidos na proposta de convenio remitida por dita entidade, e que constan no expte. 2832/2017, xunto coa aprobación da financiación dos gastos da referida proba, por importe de 12.640,15 euros.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos concelleiros presentes acórdase a aprobación da proposta da Alcaldía, adoptando o seguinte acordo:



Primeiro.-Aprobar a proposta de convenio para a celebración da proba de acceso á universidade no termo municipal de Viveiro, segundo os datos reflectidos na referida proposta, e que constan no expte. 2832/2017, xunto coa aprobación da financiación dos gastos da referida proba, por importe de 12.640,15 euros.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio referido no punto primeiro, así como para a realización dos trámites pertinentes ao efecto.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa sinálase que se todos os concelleiros están de acordo vai remitir contestación por escrito aos rogos e preguntas presentados para este pleno.

Maniféstase o acordo de todos os concelleiros neste sentido e pola Sra. Alcaldesa procédese á entrega de resposta escrita ás preguntas presentadas, facéndose entrega de copia tamén a esta Secretaría para que conste en acta.

A continuación refléxanse na presente acta as respostas ás preguntas presentadas para este pleno, entregadas a esta Secretaría por escrito por parte da Sra. Alcaldesa.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 29-03-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 1907):

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

“No Pleno do 2 de setembro de 2015 , este grupo municipal fixo un Rogo para a posible colocación dun paso de peóns nunha das entradas de vehículos ó supermercado Gadis (situado fronte ó edificio de Correos) con beirarrúas e rampa de acceso a minusválidos situada na avenida Ramón Canosa , sendo a resposta da Sra. Alcaldesa que se comunicaría ó Xefe da Policía Local para que se elaborase un informe ó respecto . Como queira que a día de hoxe, transcurrido máis dun ano e medio, a situación sigue igual e polo que lle
PREGUNTAMOS:

- 1) *Elaborouse dito informe por parte da Policía Local?*
- 2) *Teñen pensado pintar dito paso de peóns?*
- 3) *En caso afirmativo, cando pensan facelo?”*



Resposta: O concelleiro de Obras di que non se recibiu ningún informe sobre o paso de cebra aludido. O propio concelleiro comprométese a solicitar ao inspector Xefe da Policía Local ese informe e, en caso de ser positivo, realizar o rebaixe e pintar o paso de cebra canto antes.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 29-03-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 1908):

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

“ROGO : Se reparen as losetas da beirarrúa fronte a porta principal do Cuartel da Garda Civil na Misericordia.

Resposta: Aínda que nunca o van a recoñecer publicamente, saben que día tras día, cando a coxuntura de atender a varios frontes ao mesmo tempo nolo permite, este goberno vén dando resposta á maioría dos requirimentos veciñais. As losetas ás que vostede alude xa están reparadas.

ROGO: Despois de cortar a herba e podar as árbores nas zonas axardinadas situadas na rúa Suasbarras da parroquia de Covas, varios veciños desta rúa nos solicitaron que se planten algunhas flores en dita zona verde , podendo facerse extensible a petición a outras zonas verdes do noso Concello.

Resposta: Unha das prioridades do añorado Melchor, que tamén sigue sendo unha das miñas, era a de mellorar o aspecto do concello. Dende o ano 2003 véñense proxectando e acometendo numerosas obras nesa dirección que, sen lugar a dúbidas, lograron unha imaxe máis atractiva de Viveiro.

Estas inversións, como expresei noutras ocasións, sirven de pouco sen a colaboración de cada cidadán. Optamos por dar a menor publicidade posible a aqueles actos ligados a unha falta de sensibilidade polo colectivo aínda que estes veñen sucedendo.

A miúdo desaparecen plantas de xardíns e xardineiras. Aínda que se adoitan repoñer, nalgún sitio desaparecen de novo. Respecto ao xardín de Suasbarras ao que vostede alude, presenta oitenta e cinco ocos que no seu momento ocupaban outras tantas plantas. Intentaremos dar resposta a esos veciños.

ROGO: Que se estudie por parte dos técnicos e da policía local , a posible colocación dos seguintes pasos de peóns solicitados por diferentes veciños :

- 1) Na avenida Cantarrana (Covas) estrada LU-862, entre os edificios Galicia á altura do portal nº 9 e o edificio O Parque portal nº 6 .*
- 2) Na avenida Benito Galcerán en Viveiro, entre a entrada o Colexio San Roque e a entrada principal á Residencia Betania.*



Resposta: A delegación de Infraestruras, dependente da Xunta, titular de ambos viais, é a quen lle corresponde ditaminar sobre a viabilidade dos pasos de cebra citados. Infórmame o Delegado de Obras que esa delegación desestimou no seu momento o paso de peóns de Benito Galcerán por encontrarse moi preto dunha curva.

ROGO : *Se repoñan Seis globos antivandálicos e os equipos eléctricos de Seis farolas de fundición no paseo marítimo Viveiro – Covas.*

Resposta: O concelleiro de obras coñecía a situación, polo que pediu, como noutras ocasións, globos que por desgracia non son antivandálicos para substituír. O material xa se encontra nas instalacións do Concello.

ROGO: *Que se pinten as farolas de fundición da plaza do Naufrago e hasta a Avd Vicente Gradaille (acceso o Muelle Sur) na parroquia de Celeiro .”*

Resposta: Hai moito traballo de pintado exterior que hai que realizar en primavera e verán. Se hai posibilidade, atenderase este rogo.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 30-03-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 1949):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta o seguinte ROGO:

“Para favorecer que as vivendas públicas estean ocupadas por persoas que se atopan en situación de necesidade, é necesario que periódicamente se revise a adxudicación das mesmas, co fin de evitar que concesións para uns poucos meses se perpetúen no tempo.

É por iso que formulamos as seguintes PREGUNTAS:

- 1. Cantas vivendas ten para alugar o Concello de Viveiro?.*
- 2. Cantas están ocupadas, cando foron cedidas e por canto tempo?.*
- 3. A situación das persoas que as ocupan, segue sendo a mesma?.*
- 4. É Asuntos Sociais quen xestiona a concesión das vivendas municipais destinadas a emerxencia social?.”*



Resposta: Enténdese que esta pregunta se pode referir ás vivendas existentes na Casa dos Maestros. Da información que obra neste concello, despréndese que no seu momento, mediante acordos municipais, se viñan cedendo para o seu uso, preferiblemente a persoal municipal.

Co paso do tempo, este concello veu poñendo a disposición de familias necesitadas, en situación de emerxencia, parte destas vivendas, coa colaboración, para isto, de entidades como Cáritas.

A día de hoxe, somos conscientes da necesidade de revisar a situación deste inmovible e de establecer un procedemento e criterios actualidades para o uso destas vivendas.

ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POLOS TRES CONCELLEIROS NON ADSCRITOS, EN DATA 30-03-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC-1946):

Bernardo Fraga Galdo, Manuel Galdo Dopico, Manuel Galdo Dopico e Saray Blanco Canoura, Concelleiros non adscritos da Corporación Municipal de Viveiro, presentan os seguintes ROGOS e PREGUNTAS:

ROGOS

“ 1.-Dúas sentencias xudiciais, modificaron a resolución do tribunal que calificou a selección de persoal para a piscina municipal. Está claro que o proceso de selección foi un absoluto desastre, e causou o malestar de case a totalidade dos participantes no mesmo. Ademáis, e novamente por unha pésima xestión da Alcaldía, Viveiro volve a ser noticia por chapuzas administrativas.

A recorrente mala administración das empresas municipais que leva a cabo o partido socialista dende que governa en Viveiro. Empezando, por Turviveiro, seguindo por Aparcamentos A Mariña, para rematar coa piscina municipal, indica con claridade a falta de capacidade de xestión deste Goberno Municipal. Ademáis, está malísima xestión pública dos servizos, leva ao Partido Popular, a pedir a privatización dos mesmos.

Nós acreditamos na boa xestión pública, é por iso que rogamos ao equipo de goberno o seguinte:

1.1. Rogamos que se asuman as responsabilidades oportunas pola nefasta xestión das empresas municipais do Concello de Viveiro, e se consideran que son incapaces de facelo mellor, dimitan inmediatamente, para non chegar á privatización.

1.2. Rogamos se revise a puntuación de todas e cada unha das prazas otorgadas no proceso de selección da Piscina Municipal, a excepción das xa xulgadas.



1.3. Rogamos que os procesos de selección se realicen, a partir de agora, directamente dende o Concello de Viveiro, e non dende a Deputación Provincial.

Resposta: Con respecto aos rogo primeiro e terceiro, entendo que quedou suficientemente respondido no pleno anterior.

Con respecto ao segundo rogo, cómpre sinalar que a revisión da puntuación de todas as prazas só podería realizarse coa tramitación dun procedemento de revisión de oficio ou mediante a declaración de lesividade. Para levar a cabo estes procedementos, débese dar a circunstancia da existencia dun acto nulo ou anulable, respectivamente. Como xa se indicou, no pleno anterior, esta Alcaldía non considera que existan vicios de nulidade ou anulabilidade que impliquen a tramitación destes procedementos.

2. En Verxeles, no encontro entre a Rúa Verxeles e a LU-540 (Esquina Raquel Seijido), a maioría dos viandantes cruzan directamente pola rúa, na que os vehículos poden circular nos dous sentidos. Consideramos preciso mellorar a seguridade dos viandantes que circulan pola beirarrúa, e por iso que rogamos a instalación dun paso de peóns.”

Resposta: No seu momento non se pintou ese paso de peóns por encontrarse moi preto e en pendente dos coches que se desvían da LU-540 á rúa Verxeles. Pedirei un informe ao Inspector Principal Xefe da Policía Local sobre a súa viabilidade.

PREGUNTAS

“

- 1. En Celeiro, na rúa Rego da Fonte, son habituais os cortes de auga. Veciñas e veciños da zona, levan tempo queixándose desta situación ¿Cando ten pensado o goberno municipal solucionar este problema e reparar a rúa Rego da Fonte?.*

Resposta: O delegado de Obras di que os veciños se puxeron en contacto con él non hai moito despois das tres roturas consecutivas na zona. A petición dalgún veciño, cando a empresa Viaqua estaba realizando unha das reparacións, presentouse na rúa Rego da Fonte. Escoitados os veciños e o responsable de Viaqua, o delegado de obras toma conciencia, e así mo transmite, da urxencia de acometer unha obra de bastante envergadura.



Aínda que non é o mesmo a pretensión de acometer unha obra que a posibilidade de levala a cabo, desde aquel momento o arranxo da rúa pasa a ser unha cuestión prioritaria para o goberno local. A obra xa ten consignación económica.

Na solicitude de subvención do Plan Único da Deputación, dentro do apartado Obras e Subministracións, este concello incluíu a obra denominada “Pavimentación e servizos en Rego da Fonte Celeiro-Viveiro”, cun custe total de 190.000,00 euros.

2. *En Lodeiro, existe sinalización para converter a zona en sentido único. Esta sinalización atópase tapada e os vehículos continúan a circular nos dous sentidos. Na zona, son constantes os problemas de circulación. Ten pensado o goberno municipal, converter a rúa en sentido único? De ser así, cando se levaría a cabo?.*
3. *Tamén en Lodeiro, existen zonas sen beirarrúa. Ten pensado o goberno municipal acometer as obras de reparación das beirarrúas en mal estado, así como completar os tramos que faltan?.*

Resposta ás preguntas 2 e 3: Aínda que inicialmente se colocou a sinalización para establecer a dirección única, o responsable das obras municipais entende que previamente é necesario executar obras. Estas obras, que supoñen unha primeira fase dunha planificación global para Lodeiro, están financiadas pola Deputación Provincial.

Con esta planificación pretendemos mellorar a imaxe da zona e facela máis habitable. Desexamos completar e homoxenizar unha urbanización que no seu momento se levou a cabo sen criterio algún. Así se poden ver dende zonas con beirarrúas de plaqueta vermella-amarela ata zonas con beirarrúas en formigón e zonas onde estas non existen.

Previamente a establecer a dirección única, dotaremos de beirarrúas e luminarias aqueles lugares onde non existen marcando, así mesmo, o criterio que se vai a establecer en todo o barrio. Aglomerarase todo o vial dontándoo de sumidoiros. Finalmente, pintarase o vial de modo similar a como se fixo na travesía de Viveiro para establecer o sentido único.

4. *Veciñas e veciños do casco histórico de Viveiro, queixanse do perigosas que son as rúas en días de choiva pola falta de limpeza e que provocan esbaróns constantes ¿Coñece o goberno municipal esta situación? ¿Vaise buscar unha solución?.*”

Resposta: Debido á humidade do clima, nas zonas de sombra que existen no Casco Histórico xérase unha especie de mofo. Dende sempre nas rúas en pendente hai que camiñar con precaución durante o inverno.



Para mitigar a situación, ano tras ano, vimos chorreando estas zonas de maior risco. O empregado municipal encargado de realizar esta labor atópase de baixa. Como ésta se prolongaba, un mes antes da Semana Santa solicitamos da empresa Cespa un operario que está realizando esta labor.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22.00 do día 3 de maio de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)